

Accións formativas do Plan Formativo para o emprego (persoas traballadoras ocupadas)

TR302A

Información para alumnado

Accións formativas dirixidas á cualificación profesional, á mellora de competencias profesionais, ás necesidades de adaptación aos cambios e ás aspiracións de promoción profesional e desenvolvemento persoal e lles permita mellorar a súa empregabilidade.



Prazo límite de
execución das
accións formativas
30 de setembro
de 2024

Orzamento
2023
7.772.334€



Persoas destinatarias da formación

Estas accións formativas están dirixidas:

→ Prioritariamente ás persoas traballadoras que estean ocupadas (*) na data de comezo da formación da formación na que vaian participar.

(*) Entre as persoas traballadoras ocupadas inclúense tamén as afectadas por expedientes de regulación de emprego (ERTE e ERE), as persoas traballadoras ou socias de empresas de economía social e as persoas traballadoras autónomas. As persoas traballadoras que se atopen en situación de suspensión de contrato ou de redución de xornada como consecuencia dun ERE terán a consideración de colectivo prioritario.

- Ás persoas traballadoras desempregadas inscrita como demandantes de emprego non ocupadas no Servizo Público de Emprego de Galicia ata un límite do 30% de participantes.
- Ás persoas demandantes de servizos previos ao emprego.
- Ás persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, sen necesidade de estar inscrita como demandante de emprego.
- O persoal ao servizo das Administracións Públicas ata o límite do 10% do total de participantes certificados na xustificación.



Selección do alumnado

- A selección das persoas participantes farase priorizando aos colectivos definidos a tal efecto e ás persoas que exerzan o seu dereito de elección de centro a través da oficina virtual de Emprego Galicia, con prescripción directa ante a entidade.
- Para a selección das persoas desempregadas utilizarase o método de selección directa ou o método de selección a través de oficina de emprego.

Accións formativas do Plan Formativo para o emprego (persoas traballadoras ocupadas)

TR302A



Accións formativas

- Dirixidas á adquisición e mellora das competencias e cualificacións profesionais das persoas participantes.
- A acción formativa está constituída polo contido das especialidades formativas incluídas no Catálogo de Especialidades Formativas no marco do sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, e polos módulos transversais establecidos.
- Condicionado á modalidade de impartición autorizada, as accións formativas poderán impartirse en modalidade presencial, teleformación e/ou mixta.
- Ademais, impartirase un módulo formativo sobre igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e sobre corresponsabilidade familiar e doméstica.



Dereitos e deberes do alumnado

Dereitos

- ▶▶ A formación realizada nestas accións formativas é gratuíta para todo o alumnado participante (*).
- ▶▶ O alumnado desempleado participante pode solicitar unha axuda ou bolsa.

+ Info



(*). O alumnado seleccionado para unha acción formativa poderá asistir a outra simultaneamente, sempre que sexan compatibles.

Deberes

- ▶▶ Asistir e seguir con aproveitamento aos cursos.
- ▶▶ Rexistar a súa asistencia mediante un sistema de control que poderá ser o sistema biométrico COBIPE.
- ▶▶ Facilitar a documentación requirida pola entidade impartidora nos prazos establecidos.
- ▶▶ Responder aos formularios de enquisa de avaliación da calidade transcorrido o 25% da actividade e ao remate desta.



Prácticas non laborais

- As prácticas incluídas no programa formativo poderán desenvolverse en empresas, de acordo cos requisitos do programa e respectando a súa duración.
- Poderanse realizar en calquera especialidade e, no caso de que a entidade opte pola súa realización, serán obrigatorias para o alumnado.